

# A XEOGRAFÍA DE GALIZA CON E APÓS FRAGUAS

GALICIAN GEOGRAPHY IN FRAGUAS' TIME AND AFTERWARDS

Valerià Paül Carril  
Universidade de Santiago de Compostela

**Resumo:** Analizamos tres cuestións centrais presentes na *Geografía de Galicia* de Antonio Fraguas (1953). Asemade, propomos unha interpretación diacrónica deses aspectos desde 1953 cara adiante, na que subliñamos o rol exercido pola xeografía académica da Universidade compostelá a partir de finais da década de 1960. En primeiro lugar, abordamos as comarcas como escala territorial chave de Fraguas; xeógrafos posteriores reelabóranas en termos distintos, nomeadamente ao redor do proceso de comarcalización oficial culminado en 1996-1997. En segundo lugar, revisamos a relevancia da óptica rural na interpretación do territorio galego por parte de Fraguas e como a xeografía foi transitando paseniño cara a unha maior atención polos espazos urbanos de Galiza. Finalmente, discutimos o papel concedido por Fraguas á paisaxe no seu discurso territorial acerca de Galiza; co paso do tempo, tendeu a omitir a concepción paisaxística do autor, neste punto e no resto moi debedor de Otero Pedrayo.

**Abstract:** In this article, three central issues present in Antonio Fraguas' (1953) *Geografía de Galicia* are analysed. Likewise, these issues are diachronically interpreted from 1953 onwards, underlining the role exerted by academic geography at the University of Santiago de Compostela since the late 1960's. Firstly, the *comarcas*, a sub-national Galician territory, are approached as a key territorial scale for Fraguas; subsequent geographers have re-elaborated the *comarcas* in different terms, namely with the process around the setting of an official *comarcas* governance and map, passed in 1996-1997. Secondly, the relevance given by Fraguas to a rural approach in the interpretation of the Galician space is highlighted. We also evidence how geography has progressively moved towards greater attention to the urban areas of Galicia. Finally, the role granted by Fraguas to the landscape in his spatial discourse

about Galicia is discussed; increasingly, the author's landscape conception, indebted to Otero Pedrayo, has been omitted.

**Palabras chave:** Antonio Fraguas, xeografía, Galiza, xeografía rexional, rexión, rural, paisaxe.

**Key words:** Antonio Fraguas, geography, Galicia, regional geography, region, rural, landscape.

## INTRODUCCIÓN

A *Geografía de Galicia* de Antonio Fraguas, publicada en 1953, constitúe un fito relevante na historia da xeografía de Galiza. Con anterioridade, apareceran xa algunhas outras obras rexionais<sup>1</sup> a escala do país galego<sup>2</sup>. Por exemplo, corografías<sup>3</sup> como a *Descripción del Reyno de Galizia* do Licenciado Molina (1550 [ed. 1998]), mais tamén se podería catalogar como tal a breve *Verdadera descripción del Reyno de Galicia* de Hernando de Ojea (1603), analizada por Bouza (2009), e, sen dúbida, a obra que xa se denomina precisamente así de Frei Martín Sarmiento (1762? [ed. 1996]): *Problema chorográfico para describir a Galicia con un nuevo método*. Coa xeografía moderna que xorde no século XIX, publícanse verdadeiras monografías rexionais<sup>4</sup> de Galiza, por exemplo *Galicia: Geografía descriptiva* de Rubido (1891), as *Nociones de Geografía de Galicia* de Rodríguez González (1918) ou a *Síntese xeográfica de Galicia* de Otero Pedrayo (1926a). Tamén nesa época de eclosión xeográfica previa á Guerra Civil destaca a *Geografía general del Reino de*

- 1 Neste texto, entendemos *rexión* nun sentido xeográfico, é dicir, calquera retrinco da superficie terrestre que se individualiza en relación con outros. Participamos, en particular, da visión da chamada “nova xeografía rexional”, en cuxo seno autores como Paasi (1986) defenden a *rexión* como unha construción socioterritorial dotada de límites, que acada uns determinados contidos (símbolos, identidade etc.) e que se pode institucionalizar. Así, non se debe entender aquí *rexión* como unha escala territorial prefixada que coincide cunha entidade política subestatal, a cal pode gozar, supostamente, de certa autonomía.
- 2 *País galego* era unha denominación presente na linguaxe habitual antes da Guerra Civil. Por exemplo, durante a II República varios proxectos estatutarios foron dirixidos, sen estridencias, “ao país galego” (García/Lois/Fernández 1986).
- 3 As *corografías* foron un xénero xeográfico asimilábel á xeografía rexional contemporánea, aínda que sen as convencións acadadas coa xeografía moderna, consistente na descrición dunha área (*χώρα/chora* en grego). A súa orixe sitúase no mundo helenístico e chega até o século XVIII, cun especial desenvolvemento no Renacemento (Vilà 1982; García Álvarez 2006).
- 4 Reservamos a expresión *monografía rexional* para a chamada “xeografía rexional clásica”, en especial da primeira metade do século XX e en moitas ocasións resolta desde unha perspectiva académica como unha tese doutoral, cunha estrutura moi marcada, indefectiblemente iniciada con aspectos de xeografía física, seguidos polos de xeografía humana (Buttimer 1971; García Álvarez 2006; Lencioni 2009).

*Galicia*, dirixida por Carreras Candi (1928-1936), que segue o método das tamén enciclopédicas xeografías xerais comandadas polo mesmo autor para Cataluña, o País Vasco-Navarro (así chamado) e o Reino de Valencia.

Existe, pois, unha historia do estudo xeográfico rexional de Galiza, na que se insire Fraguas (1953). Porén, encontramos motivos para considerala unha achega singular en relación cos seus antecedentes. En primeiro lugar, polo seu carácter compacto, que o individualiza de obras previas de varios volumes ou de traballos máis breves, como a *Síntese* de Otero Pedrayo (1926a), necesariamente esquemática. En segundo lugar, pola vontade declarada de elaborar un manual, propósito só presente até entón na *Síntese* e en Barreiro Paradela (1936). A pesar de que o libro se intitule *Geografía de Galicia*, no limiar Fraguas (1953: 9, 12) denomínoo “manual”. Manuais xeográficos habíaos dispoñíbeis a esgalla nesas alturas, mais sempre para España e normalmente cun contexto escolar, é dicir, preocupados pola docencia e inscritos na escala do estado-nación (Paül 2016, 2020), o “contedor” de todo, en acertada expresión de Taylor (1994). Que Fraguas propuxese un *manual*, alén de ser atrevido, expresa a vontade de chegar a un público amplo, de xeito que a xeografía de Galiza se dese espallado como tal –nas circunstancias, claro está, da década de 1950–. En terceiro lugar, nas obras precedentes achamos un esquema de interpretación disperso e, en cambio, Fraguas (1953) pasa por ser o primeiro que, sen demasiadas digresións, segue o método vidaliano<sup>5</sup> aplicado para o conxunto do país. En fin, Fraguas (1953) achega unha interpretación xeográfica propia de Galiza, aínda que, por suposto, non se poida desvencellar da tradición, en concreto de Otero Pedrayo, a quen lle dedica o libro como “amigo y maestro”, e cuxas pegadas, como veremos, se manifestan ao longo das páxinas.

Este artigo pretende analizar o fundamental libro de Fraguas (1953) cunha perspectiva que privilexia a súa lectura diacrónica cara á contemporaneidade. Deste xeito, partimos da imprescindible monografía do xeógrafo de Insuela para revisar a evolución experimentada pola xeografía ao longo dos anos. Este enfoque responde á demanda da Real Academia Galega no outono de 2019, que nos propuxo a dous xeógrafos da Universidade de Santiago de Compostela encargarnos da análise da *Geografía de Galicia* desde ópticas complementarias: unha inseríndose nos seus antecedentes e outra vencellándoa cos desenvolvementos posteriores<sup>6</sup>. Este traballo desenvolve a segunda orientación. Seleccionamos tres temas que entendemos centrais en Fraguas (1953), xustificando de entrada a súa

5 Vidal de La Blache é o representante máis coñecido da xeografía rexional clásica desenvolvida en Francia a inicios do século XX, que se desenvolveu decote mediante monografías rexionais como as indicadas.

6 O primeiro relatorio estivo a cargo do Prof. Francisco Durán e o segundo, do autor. As presentacións realizáronse o 27 de novembro de 2019 no Museo do Pobo Galego en Compostela, no marco do Simposio Antonio Fraguas.

transcendencia na obra e o sentido conferido polo autor e, deseguido, en cada un dos apartados, trazamos unha breve explicación que tenta levar cara adiante os argumentos presentes no libro. Os tres temas son: as comarcas, o rural (mais no desenvolvemento da xeografía galega *a posteriori* abordamos o mundo urbano) e a paisaxe. Sexa como for, estas páxinas non desexan de xeito ningún indicar un suposto “atraso” (sic)<sup>7</sup> de Fraguas en relación coas achegas posteriores, senón amosar como evoluciona a xeografía desde as formulacións de 1953. Evítase, en definitiva, sinalar unha “superación” (sic) de Fraguas e óptase por tecer unha xenealoxía desde el.

Alén disto, tamén cómpre matizar que non se procura tanto determinar se o territorio de Galiza mudou nas últimas sete décadas, que abofé que mudou, senón como a xeografía (disciplina) de Galiza foi variando de enfoque. Neste senso, hai que recoñecer a débeda co construtivismo en ciencias sociais, que profunda na (re)construción discursiva do mundo (Ruiz 1999). Como tamén subliña este autor, cómpre non perder de vista que calquera artefacto cultural, e unha obra xeográfica éo, debe ser analizado tendo en conta que a lectura “é unha construción social e política ela mesma, na que intervén, non só o creador orixinal do artefacto cultural, senón o investigador que o le posteriormente e interpreta” (Ruiz 1999: 123)<sup>8</sup>.

## 1. AS COMARCAS

Fraguas (1953) achega o primeiro mapa e a primeira listaxe de comarcas de Galiza. Con matices, poderíase entender Otero Pedrayo (1926b, 1928) como precedente desta tarefa, pois cita corónimos comarcais a esgalla<sup>9</sup>. Porén, Fraguas (1953) vai un paso alén e distingue 71 comarcas e 18 subcomarcas, cuxa delimitación ensaiamos no Mapa 1. Desde a nosa perspectiva, cómpre salientar tres propiedades deste mapa comarcal: non cobre a totalidade do territorio galego; os límites comarcais resultan indefinidos, de xeito que só se poden trazar de forma aproximada e existen zonas ambiguas; e a dispersión de tamaños comarcais é patente, desde ámbitos como As Mariñas ou A Terra Chá, de proporcións enor-

7 O uso do termo *atraso* é consciente, na liña do debate sobre este vocábulo existente na historiografía galega (Fernández Prieto 2016).

8 Tradución ao galego propia desta e das outras citas que se achegan de linguas distintas. No entanto, non traducimos os textos de Fraguas nin os de Otero.

9 De feito, Precedo (1987: 287-290) cartografa un mapa comarcal oteriano. En verdade non se trata dun mapa elaborado polo xeógrafo de Trasalba, senón desenvolvido a partir da análise da súa obra. Fraguas (1953: 237), en cambio, achega un, o primeiro da súa natureza en Galiza. Por outra banda, naquelas mesmas décadas Dantín Cereceda (1942: 390-391) lista 50 comarcas naturais en Galiza, no seo dun ensaio de rexionalización natural realizado para o conxunto de España.

mes (bastante máis de 1 000 km<sup>2</sup> cada unha), até o Val de Vea, conformado por unhas poucas parroquias do occidente do actual concello da Estrada, que escasamente suman uns 20 km<sup>2</sup><sup>10</sup>.

A denominación que emprega Fraguas (1953) para o apartado obxecto de estudo é *comarcas naturais*. Non hai que confundilas con territorios individualizados pola xeografía física en base ao seu medio natural, aínda que polo xeral os treitos físicos, en particular o relevo, xoguen un papel importante, polo que non resulte estraño que moitas das comarcas do noso autor sexan *vales*. O propio Fraguas (1953: 235) déixao claro cando, logo dunha disquisición sobre a dificultade de comarcalizar Galiza coa que abre o capítulo XXII –dedicado monograficamente á cuestión–, indica que as *comarcas naturais* se basean en “relieve, clima, vegetación, agrupación humana, formas de vida, etc.”. En efecto, as rexións (e as comarcas non son máis ca unha rexión)<sup>11</sup> consideráronse *naturais* en xeografía desde o século XVIII e até o xurdimento da escola vidaliana (Solé 1975). *Rexión natural* entendíase daquela como un ámbito cunhas condicións ecolóxicas singulares que condicionan, determinan, posibilitan, dificultan, favorecen... a ocupación humana. Hai autores que sosteñen que a *rexión natural* só se encontra en ámbitos sen intervención humana (sic)<sup>12</sup>, mais en xeral consiste na “realidade xeográfica tal e como se presenta diante dos ollos” (Solé 1975: 423), con elementos e factores naturais, por suposto, mais tamén humanos. Neste sentido, Vilà Valentí (1993) explicou que, cando se fala de *comarca natural* en Cataluña –alí até inicios do século XX–, se quere significar basicamente que resulta espontánea, formada de xeito “natural”, sen imposicións.

10 Resulta evidente que esta comarca aparece polo coñecemento persoal desas terras. De feito, no mapa que ensaiamos se percibe unha densidade de pequenas comarcas entre Santiago e Pontevedra, pola bacía do Ulla toda, e comprendendo a Terra de Montes entendida *sensu lato*. Tamén se observa un minifundismo comarcal ao redor de Ourense, que pode deberse máis a Otero Pedrayo que a Fraguas mesmo.

11 Véxase a primeira nota ao pé deste artigo.

12 En xeografía, desde o axioma de Sauer (1925 [trad. 2006]: 12) sobre as *paisaxes naturais* –“non existen xa de forma integral” –, o debate está bastante pechado. De todos os xeitos, non se poden obviar os procesos actuais de construción ideolóxica de *rexións* ou *paisaxes naturais* (Ojeda 2006; Paül 2017).



Mapa 1. Distribución comarcal de Fraguas.  
Elaboración de Alejandro Otero Varela. Fonte: Fraguas (1953).

Revisar algunhas pasaxes comarcais do noso autor pódenos valer para ilustrar o que se vén de contar. Así, queremos percorrer a bacía do Arnoia da súa man. Preto do seu nacemento, establece a Terra de Maceda, “una gándara cultivada procedente de antiga cubeta deshidratada” (1953: 263), nunha descrición que expresa á perfección a interrelación, inextricábel, do natural e do cultural. Acerca desta comarca, cómpre salientar que a circunscribe estritamente ao val do río Maceda, tributario do Arnoia, pois a parte alta do curso deste último é “semeiante a la comarca anterior” (1953: 263), isto é, á Limia, de xeito que non a

considera macedá senón limiá<sup>13</sup>: a bacía *per se*, polo tanto, non determina a identidade comarcal. De todos os xeitos, afirma Fraguas que Maceda e A Limia gardan relación, de aí que se adoite chamar Maceda da Limia<sup>14</sup>; ese vencello non pode ser “natural” (relativo ao medio físico), senón humano.

Augas abaixo, nomea a Terra de Allariz, “comarca de pastizales, abundante ganadería y huertos con gran cantidad de árboles frutales, entre los que sobresalen los almendros” (1953: 264), do que infire a sona dos doces allaricenses de amén-doa (sic.). Obviamente, sinala que a Terra de Allariz pertence ao val do Arnoia, mais con esta cita resulta probado que a atribución de identidade comarcal provén das características humanas que el lle confire. A seguinte comarca que acha no percorrido do río está “articulada también con el Arnoya” (1953: 264). O val é, de novo, compartido; a diferenza introdúcea a vila reitora: “[e]l centro es la villa de Celanova”, mentres que no anterior caso “su centro es la villa de Allariz” (1953: 264). Tamén emprega a paisaxe para individualizar a terra celanovesa, pois conta con “jugosos verdes con horizontes de sierra. [...] [Trátase dunha] comarca rica, de extensos patatales, huertas y bosques, donde se encuentran corpulentos castaños” (1953: 264)<sup>15</sup>. Outra vez, os elementos naturais e humanos aparecen intrincados e a paisaxe ponse ao servizo da fixación da singularidade comarcal.

A orixinalidade da proposta de Fraguas (1953) acerca do mapa comarcal contrasta, no mesmo volume, coa xeografía administrativa de Galiza en provincias, partidos xudiciais, concellos e parroquias (capítulo XXV). Dedícalle de feito o dobre de páxinas aos segundos contidos en relación cos primeiros (150 fronte a 70). Prodúcese, nesoutro apartado, unha sucesión monótona de descrições básicas de carácter locativo e listaxes toponímicas que lembran moito Rubido (1891) e Carreras Candi (1928-1936) e que se apartan, polo tanto, do modelo vidaliano. Presenta interese que aparezan nomeadas todas as parroquias de Galiza, nunha tarefa que retomaré a xeografía académica pouco despois<sup>16</sup>, e que se apunte ao

13 Tomamos sempre os xentilicios de Costas (2016).

14 Cómpre indicar que esta mesma idea aparece en Otero Pedrayo (1926b [ed. 1965]: 239): “Se llamé [...] Maceda de Limia por la denominación de Limia alta, aplicada a su comarca y relaciones históricas”. En efecto, a fonte principal da que bebe o texto de Fraguas (1953) semella evidente.

15 Neste fragmento a xenealoxía oteriana aínda resulta máis patente, pois as palabras que o xeógrafo de Trasalba lle dedica á bisbarra celanovesa son case idénticas: “El paisaje, verde, regado, rico –patatas, huertos, frutales, bosques–[,] dominado por el monte Leboreiro, y a lo lejos por grandes sierras” (Otero Pedrayo 1926b [ed. 1965]: 413). En todo caso, Otero Pedrayo (1926b) non tiña por obxectivo individualizar comarcas, senón que as ía apuntando de forma dispersa a medida que as percorría. En cambio, coidamos que a vontade sistemática de Fraguas (1953) si que consiste en comarcalizar, isto é, dotar Galiza dun mapa comarcal.

16 Un primeiro fito sería Casas/Miralbés/Torres (1976), coa localización das parroquias galegas nun mapa, debedor, loxicamente, do de Fontán de 1834 (gravado en 1845); logo viría o primeiro mapa parroquial (Miralbés/Torres/Rodríguez 1979). Alén daqueles anos, a cuestión reaparece en parte no libro de García Pazos (2009), que analizamos en Paúl (2010), mais logo semella que volve decaer.

comezo desta longa sección xeoadministrativa que as divisións territoriais variaron ao longo do tempo, cunha velada defensa do mapa do Antigo Réxime. Sexa como for, cómpre insistir que o acento singular de Fraguas (1953) radica no seu mapa comarcal, de indubidábel valor seminal no país galego.

Logo de Fraguas (1953), propuxemos en Otero Varela e Paül (2020) a sucesión de tres xeracións de estudos comarcais en xeografía. A primeira é impulsada a partir da chegada de Miralbés como catedrática de Xeografía na Universidade compostelá en 1967, como ela mesma relata no limiar a Miralbés (1984), unha das publicacións nas que achega a súa proposta comarcal. Queda fóra do noso obxectivo valorar o papel desta profesora na evolución da xeografía de Galiza, mais non se pode deixar de mencionar, pola súa transcendencia na historia que aquí nos ocupa, que Fraguas e Miralbés se sitúen na antítese ideolóxica, tal e como salientan Santos (1999) e Constenla (2005). A irrupción de Miralbés no escenario universitario compostelán débese á repartición de cátedras de Xeografía producida durante o franquismo no conxunto de España entre Casas Torres (Zaragoza) e Terán (Madrid): o primeiro, vencellado ao Opus Dei e engarzado no réxime; o segundo, en coordenadas ideolóxicas opostas, xurdido ao abeiro da Institución Libre de Enseñanza (Capel 1976). Á Universidade galega destínase unha discípula do primeiro, o que motiva “[a] conformación dunha xeografía feita en Galicia pero escasamente galega. Supuxo o asentamento definitivo do nacionalismo español no contexto da nosa disciplina” (Santos 1999: 1349).

En canto aos estudos comarcais, Miralbés e mais a súa escola publican desde finais da década de 1970 propostas de mapas comarcais distintos aos de Fraguas (1953). Así, delimitan axiña comarcas para todo o país, sen áreas indefinidas, e baséanse sobre todo nun factor inmanente en Fraguas (1953), que agora acada un valor determinante e aplícase de forma sistemática: a xerarquía dos asentamentos en función das súas relacións funcionais. Como vimos, Fraguas (1953) distinguía nalgunhas comarcas as súas cabeceiras, mais desde a década de 1970 o criterio funcional devén absoluto. Esta forma de traballar débese á aterraxe en Galiza, dúas décadas despois do seu nacemento, da chamada xeografía teórica, cuantitativa ou sistemática, tamén “ciencia espacial” (Capel 1981; Unwin 1992; Philo 2008), na cal a rexionalización se realiza en función das polaridades que artellan os territorios e sempre co recurso á cuantificación (Solé 1975; García Álvarez 2006; Lencioni 2009). Se para Fraguas (1953) as comarcas eran rexións “naturais” no sentido discutido arriba –baseadas nunha paisaxe, espontáneas etc.–, cuxa determinación era relevante para a identidade galega, neste momento as comarcas pasan a establecerse como “unidades espaciais, socioeconómicas e funcionais que respond[an], o máis axeitadamente posíbel[,] á realidade actual, para achegar así un criterio útil [...] á Administración á hora de reestruturalas e



dotadas dos necesarios órganos de xestión” (Miralbés 1984: 15). É dicir: a comarca en xeografía convértese nun obxecto tecnocrático, suponse que neutro, identificábel mediante métodos matemáticos e que se pon ao servizo dunha eventual reforma administrativa.

A segunda xeración de estudos comarcais galegos empéñase en materializar ese obxectivo declarado por Miralbés (1984). É protagonizada por Precedo e ábrese co seu libro de 1987, editado pola Xunta, que, polo que sinala no limiar, apoiara xa a súa investigación na década de 1980 (1987: 11). Esta obra culmina a etapa precedente, pois dominan nel os criterios funcionais; asemade, recolle comarcalizacións anteriores, como a de Fraguas (1953), que considera asistemática, debedora de Otero Pedrayo e de Dantín Cereceda e, en definitiva, unha “achega [...] limitada” na historia da división comarcal de Galiza (1987: 291). Logo deste libro, Precedo, xa catedrático de Xeografía Humana da Universidade compostelá, pasa a formar parte do goberno de Fraga en 1990, con distintos cargos relacionados co proceso de comarcalización oficial (Hernández 2017). Nese rol e mesmo despois da súa volta á academia en 2003, desprega un amplo elenco bibliográfico no que defende as opcións políticas tomadas e, en particular, o mapa aprobado de forma oficial en 1997<sup>17</sup>. Para Precedo, e facendo unha síntese da súa copiosa produción, as comarcas debían ser: un organismo de coordinación interadministrativa entre distintos niveis gobernamentais e entre as consellarías da Xunta para cada territorio comarcal, a escala da ordenación territorial e mais o ámbito da implantación de estratexias de desenvolvemento local endógeno a través, en boa medida, dos chamados “centros de desenvolvemento comarcal” (Otero/Paül 2018). Malia unha lei que se supuña que implantaba este modelo<sup>18</sup>, as 53 comarcas de 1997 acaban por ser un mero mapa empregado a efectos estatísticos e incorporado, ás veces, nos libros de texto escolares e nalgunhas publicacións (Otero/Paül 2020).

A terceira xeración de estudos xeográficos comarcais caracterízase por unha crítica á comarcalización precediana. Trátase dunha liña de pensamento que abre ben cedo Lois (1992), ironicamente o profesor que substitúe a Precedo no Departamento de Xeografía nos primeiros anos de servizos especiais na Xunta (Hernández 2017). Lois (1992: 136) acha que as comarcas son a escala territorial interna de Galiza por excelencia –“auténticas unidades de relación social” dotadas de “raizame”–, o que conecta coa tradición xeográfica previa a Miralbés e coa xeografía

17 “Decreto 65/1997, do 20 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o mapa comarcal de Galicia”, *Diario Oficial de Galicia* 63 (3/IV/1997), 3005-3011.

18 “Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal”, *Diario Oficial de Galicia* 142 (19/VII/1996), 7007-7014.

que se desenvolve a nivel internacional a partir da década de 1970<sup>19</sup>, mais advirte que a súa delimitación precisa “en unidades comarcais pechadas semella unha opción excesivamente precipitada”. En traballos máis recentes, Lois (2004, 2015), alén de seguir a amosarse crítico coa comarcalización da década de 1990, recoñece a débeda da idea de comarca co galeguismo, no cal se sitúan Otero Pedrayo ou Fraguas. Asemade, Lois (2004, 2015) expresa a necesaria adaptación de calquera comarcalización ao proceso urbanizador, en particular ás áreas metropolitanas xa existentes, *de facto* mais non *de iure*, no país galego; e insiste na importancia de que as comarcas se contemplan como escala para a ordenación territorial, tan necesaria como inexplorada en Galiza. Alén de Lois, outros autores revisados en Otero Varela e Paül (2020) reprobán a comarcalización das décadas de 1990 e 2000, con avaliacións severas do proceso desenvolvido. En xeral, demostramos que a preocupación xeográfica polas comarcas diminúe na década de 2010, talvez por canseira cun tema sobresignificado na historia da disciplina.

A xeografía crítica coa comarcalización precediana afástase de todos os estudos comarcais elaborados desde Fraguas (1953) en algo moi significativo: a ausencia dun mapa inequívoco. Instálase, dalgún xeito, unha deconstrución posmoderna privativa da xeografía posterior aos anos 70 (Unwin 1992; Philo 2008; Lencioni 2009) que invalida a consecución de divisións territoriais perfectas e pechadas e, máis ben, pon a énfase nos procesos. Baixo unha lóxica xeográfica posmoderna, a pretensión galeguista manifestada en Fraguas (1953) de desenvolver un mapa comarcal para Galiza –materializada décadas despois baixo coordenadas ideolóxicas opostas– é unha especie de espellismo produto da era da modernidade<sup>20</sup>. Alén disto, a reconfiguración das tres bisbarras identificadas por Fraguas (1953: 263-264) na bacía do Arnoia é un feito: por exemplo, nin están rexidas por cadansúas vilas como no pasado –a reestruturación territorial é marcada, cunha inserción no ámbito de influencia directa de Ourense e cun baleirado demográfico agudo, excepción feita da vila de Allariz–, nin en ningunha das tres hai case xa cultivos, aínda menos singulares de cada unha. Que oficialmente aí se establecesen dúas comarcas en 1997 (unha para Celanova e outra, seica confederal, para Alla-

19 Philo (2008: xxiv) expresa graficamente a creba producida na década de 1970 coa división do tronco común xeográfico en tendencias dispersas que se afastan as unhas das outras. Aos efectos do aquí explicado, algunhas das posturas que emerxen a partir dese momento coinciden en concederlles ás persoas, como individuos ou en grupo, un papel chave no establecemento de divisións territoriais, como, por exemplo, testemuña o xa citado Paasi (1986). Deste xeito, ábrese camiño unha abordaxe das rexións (e as comarcas, de novo hai que lembralo, sono) baixo postulados fenomenolóxicos –“a rexión como espazo vivido” de Frémont (1976)–, na que as dimensións ideolóxica, identitaria, cultural, histórica, social etc. atinxen un papel central (García Álvarez 2006; Lencioni 2009).

20 Tomamos a xerga de Soja (1989), obra chave das chamadas “xeografía posmodernas”. En verdade, non se trata dunha linguaxe que se empregue demasiado na xeografía galega actual, mais consideramos que permite inscribir algunhas das lecturas máis recentes adoptadas sobre as comarcas.

riz-Maceda) non pasa de ser continxente. O debate comarcal segue, pois, aberto na xeografía actual. En todo caso, coidamos que Fraguas (1953) debe ser dignificado na súa xenealoxía.

## 2. O RURAL E O URBANO

Unha análise pormenorizada de Fraguas (1953) permite inferir a relevancia que lle atribúe ao rural. Dos seus 25 capítulos, sete son rurais de cheo, tanto referidos a actividades económicas primarias (agricultura, gandaría, pesca etc.) como a elementos da paisaxe que se asocian ao rural (levadas, hórreos, muíños etc.). Mais a preponderancia rural non se esgota nunha lectura epidérmica do índice, senón que enchoupa os capítulos todos. Xa vimos de que xeito nas comarcas, unha a unha na detección do seu carácter singular mediante motivos rurais que se inscriben na paisaxe. Alén diso, tamén o capítulo da xente galega (apartado XVIII), de carácter etnográfico, resulta rural (o traxe, os lugares de encontro etc.); e o mesmo se pode dicir dos capítulos XIX, demográfico (a aldea, o lugar, a parroquia etc.), ou do VIII, bioxeográfico, este último con consideracións relativas ás árbores froiteiras ou as videiras. Esta primacía rural pode deberse ao feito, evidente, de que Galiza na década de 1950 era rural. Mais achamos que hai dous motivos explicativos máis, que van alén desa obxectividade aparente e intérganse en cuestións de carácter epistemolóxico e ontolóxico. O primeiro é que o método vidaliano resulta ruralista (Buttimer 1971), pois nas paisaxes rurais considera impentadas as relacións entre as persoas e o medio –o *possibilismo*, na historia da xeografía– e é quen de atribuírlles un valor identitario, tal e como Ortega Cantero (2005) demostrou coa obra máxima de Vidal (1903), o *Tableau de la géographie de la France*. O segundo é estritamente galego: Fraguas (1953) opera no seo do “canon paisaxístico rosaliano”<sup>21</sup>, tal e como o definimos en Paül (2019), do cal Otero Pedrayo é un expoñente máximo, de xeito que non se pode agardar do noso autor unha expresión xeográfica distinta ao enxalzamento da ruralidade.

Mais Fraguas (1953) aborda tamén as cidades. Significativamente, estas aparecen encadradas en cadansúa comarca, de xeito que uns ámbitos definidos pola súa idiosincrasia rural enmarcan de forma indefectíbel as sete urbes galegas<sup>22</sup>, coa

21 As súas propias palabras transmítenllo na Maía: “Tierras de suave ondulación, de muy intensa actividad agrícola. Ortoño, Los Ángeles [sic] y Basta[v]ales son lugares rosalianos que encierran en su conjunto un matiz poético que supo valorar la mejor cantora de las vegas gallegas” (Fraguas 1953: 279).

22 Non é este o lugar para referirse ao espíñento asunto de que asentamentos galegos se consideran *urbanos*. No censo de 1950, os sete núcleos urbanos mencionados, agás Pontevedra –faríao no censo de 1960–, superaban os 50.000 habitantes. Ningún outro concello, agás A Estrada por pouco, acadaba daquela a metade dese limiar, o que amosa unha diferenza clara do primeiro chanzo do sistema urbano. Vigo e A Coruña excedían xa os 130.000. Fonte dos datos: [www.ine.es](http://www.ine.es).

orde na que aparecen no libro: na Terra Chá, Lugo; no val do Barbaña, Ourense; nas Mariñas, Ferrol e A Coruña; na Maía, Santiago de Compostela; no val do Lérez, Pontevedra; e no val de Fragoso, Vigo. Así, resulta rechamante que a principal cidade galega se introduza no relato mediante a descrición “de tierras graníticas y quebradas formando un sistema de terrazas encajadas por donde corren una serie de regatos que, al unirse, forman el río Lagares” (Fraguas 1953: 297). O mundo urbano galego inscríbese sempre nas lóxicas rurais, preponderantes e permanentes, expresadas mediante as comarcas. Logo, caracteriza as cidades a través dunhas poucas ideas que bosquexan os seus trazos fundamentais: situación, emprazamento, historia, morfoloxía urbana (nomeadamente rúas principais e barrios antigos) e datos de carácter turístico (monumentos). Só no caso de Lugo menciona os crecementos recentes<sup>23</sup>. En xeral, predomina unha narrativa que subliña as permanencias, vencelladas ás características do rural próximo, ao emprazamento urbano (onde semella ancorarse a orixe de cada cidade) e a unha historia que se adoita retrotraer á Idade Media e mesmo á antigüidade. En varias pasaxes urbanas as correspondencias oterianas resultan patentes; para Ourense, de feito, Fraguas (1953: 266-267) reproduce dúas páxinas de Otero Pedrayo, entre outras. En definitiva, a forma de aproximarse ás cidades do noso autor lembra moito o paradigma vidaliano, no sentido que estas ocupan un lugar discreto no relato<sup>24</sup>, e tamén ao seguir o seu método canónico de estudo urbano: situación, emprazamento e evolución histórica (Blanchard 1922).

A chegada de De Torres no curso 1968-1969 á Universidade compostelá – canda Miralbés, a quen substituirá na Cátedra en 1981 (Hernández 2017)–, implica profundar no acento rural da xeografía galega, cunha práctica omisión dos estudos urbanos até máis dunha década despois (Lois 1992). A énfase rural nótase tanto nas teses doutorais coma nas memorias de licenciatura defendidas até ben entrada a década de 1980, cunha predilección pola xeografía agraria mediante monografías de escala local ou comarcal que en varias ocasións foron publicadas por concellos ou deputacións (Torres/Lois 1999; Hernández 1999, 2017). Trátase da persistencia en Galiza dun xénero xeográfico, o da monografía rexional co protagonismo da agricultura e do gando, que nas décadas de 1970 e 1980 xa se consideraba desfasado, non só polo propio esquema analítico herdado de comezos do século XX<sup>25</sup> senón, tamén, pola mutación estrutural experimentada polo agro galego a partir dos anos 60. Tampouco estas obras poden ser adscritas á xeografía

23 Desde 1950, Fraguas vivía en Lugo, onde exercía como catedrático de Instituto.

24 O *Tableau* vidaliano exemplifícao. En efecto, das máis de 530 páxinas de edición manexada, só sete se dedican a París (Vidal 1903 [ed. 1994]: 214-220). E, na época na que foi escrito, a capital xa contiña unha décima parte da poboación francesa (uns catro millóns nun país de 40 millóns de habitantes).

25 Véxase Paül/Tort/Sancho (2011) ao respecto.

cuantitativa, antes aludida, malia incorporaren estatísticas provenientes dos censos agrarios e ás veces xeraren datos propios mediante enquisas a explotacións; amais, esta tendencia xeográfica comezou tamén a ser cuestionada na década de 1970 (Capel 1981; Unwin 1992; Philo 2008; Lencioni 2009). Neste senso, cómpre indicar que nestas décadas as interpretacións relevantes sobre a agricultura e o rural galego comezan a ser feitas desde outras disciplinas, en particular desde a economía e a historia. A xeografía galega devén en boa medida debedora das análises rurais doutras ciencias sociais, cando tiña unha tradición de estudo relevante neste eido protagonizada por autores como Fraguas.

Na década de 1980 agroma a xeografía urbana en Galiza. De acordo coa nómina de teses doutorais de Hernández (1999), deféndense xa nesa década tres deste eido no Departamento de Xeografía compostelán: dúas sobre rede urbana e outra sobre Vigo. Lois (1992) considera que estes primeiros estudos urbanos se poden clasificar en: relativos ao sistema urbano (sobre todo orientados a determinaren a organización comarcal do país, tal e como xa se viu), monografía urbana e análises de vilas. Na década de 1980 publícase tamén a *Xeografía humana* de Souto (1987); trátase, para nós, da primeira monografía rexional de Galiza que supera o esquema vidaliano, ao elidir a compoñente do medio físico para centrarse na demografía e na articulación do territorio exercida polos asentamentos, na que subxace unha tese, atrevida nuns anos nos que a xeografía en Galiza seguía dominada polo discurso rural: Galiza xa é urbana. Logo de citar xeógrafos internacionais de referencia que protagonizaran a revolución disciplinar dos anos 70, como Harvey<sup>26</sup>, Souto (1987: 154) afirma que “asistimos a unha gradual urbanización que racha co anterior ruralismo da sociedade galega”. Cómpre subliñar que esta obra acada certo eco en Galiza, acaso máis cós libros precedentes mencionados, xa que se insire na Biblioteca Básica da Cultura Galega da Editorial Galaxia, patrocinada polas catro deputacións galegas, e espállase arreo aqueles anos.

A pesar dos notábeis desenvolvementos en materia de xeografía urbana da década de 1980, e aínda máis da de 1990, a persistencia da interpretación ruralista de Galiza resulta notábel, até o punto que tres profesores galegos de xeografía aínda reclaman no cambio de século literalmente “desbotar” a idea de que Galiza é rural (Aldrey/Lois/Somoza 2000: 273). Dúas publicacións da década de 2010 expresan o status acadado polos estudos urbanos dentro da disciplina xeográfica. En primeiro lugar, a última das monografía rexionais de Galiza publicadas, coordinada por Piñeira e Santos (2011), recupera en parte o esquema vidaliano, mais

26 O recurso a Harvey, así como a Lefebvre, constitúe unha *rara avis* nunha xeografía galega pouco receptiva aos desenvolvementos teóricos internacionais. De feito, aínda hai unha década, Lois (2009: 31) denunciaba, e concordamos, que na xeografía española “[s]eguimos ensimesmados no estudo do concreto, con exceso de empirismo e ausencias teóricas importantes”.

resulta revelador que sitúe o capítulo dedicado á rede urbana e o proceso de urbanización nun lugar que antecede as consideracións sobre a “economía clásica”, así chamada, referidas ao mar e ao agro; curiosamente, non se achega un capítulo explícito sobre o rural<sup>27</sup>, o que contrasta co estudo monográfico, moi detallado, do fenómeno urbano. En segundo lugar, o volume *A Galicia urbana*, tamén colectivo, coordinado por Lois e Pino (2015) e que recolle 33 capítulos, presenta un elenco de temas moi amplo que reborda a axenda de estudos urbanos apuntada por Lois (1992) dúas décadas antes; por exemplo, aparecen con claridade os contidos sociais dentro do espazo urbano ou os relativos á imaxe da cidade, aspectos ausentes na década de 1980 mais que foran obxecto de pescudas *a posteriori*. Resulta importante subliñar que Lois e Pino (2015) ofrecen lecturas multidisciplinares, mais 13 das 33 contribucións teñen autoría xeográfica, o que demostra o protagonismo acadado por esta disciplina nos estudos urbanos de Galiza. Isto contrasta, como se dicía máis arriba, cos estudos rurais. Así, neste punto, Fraguas (1953) semella ficar como un antecedente remoto dunha abordaxe en clave rural que xa case non forma parte da axenda xeográfica galega.

Un aspecto concreto percorre a interface da xeografía urbana e rural de Galiza, desde Fraguas (1953) até a actualidade: as vilas. Para Fraguas (1953), como vimos, artellan as *comarcas naturais*; son, polo tanto, os centros rurais por antonomasia, coas súas feiras e nas que adoitaba describir algúns monumentos. Porén, desde as investigacións sobre as vilas galegas que Lois (1992) xa menciona, e en especial desde Rodríguez González (1999), síntese da súa tese defendida tres anos antes, queda asentado que hai que lelas en clave urbana. Con este último autor, consolídase unha liña de pescuda tanto do papel das vilas no sistema urbano galego, nos seus chanzos máis baixos, como do espazo interno vilego interpretado como urbano. Recentemente, Barreiro/López/Lois (2019) elaboran unha tipoloxía específica para as vilas galegas, que consideran por norma “pequenas cidades”, e reconceptualízanas, abranguendo non só as tradicionais cabeceiras comarcais senón núcleos periurbanos inseridos en dinámicas metropolitanas que eles consideran vilegos. Estes avances, nunha materia na que a investigación está a ser protagonizada case en exclusiva pola xeografía, demostran até que punto a disciplina responde ás reconfiguracións territoriais experimentadas no país galego desde Fraguas (1953).

27 Neste punto, convén facer unha precisión terminolóxica. Tradicionalmente, non se distinguiu entre xeografía rural e xeografía agraria, até o punto de usárense como sinónimas, cando se supón que manteñen unha relación de sínecdoque. De forma progresiva, a xeografía rural estase a afastar da agraria (Paül 2015) e mesmo esta última parece transitar cara á xeografía económica. No libro de Piñeira e Santos (2011) achamos unha análise da agricultura e da pesca, mais non o rural como suxeito.

### 3. A PAISAXE

O discurso de Fraguas (1953) é totalmente paisaxístico. A súa obra está tinguida do uso desta palabra e de consideracións que son, sen lugar a dúbidas, paisaxísticas. Un caso particular, xa revisado, é o recurso á paisaxe como mecanismo para individualizar comarcas, *pays* no caso francés, moi habitual na tradición vidaliana (Buttimer 1971; García Álvarez 2006; Lencioni 2009). Amais, na *Geografía de Galicia* estudada achamos un apartado específico de paisaxe, o XXI, que será unha das últimas veces, se non a última, que apareza de forma autónoma nunha monografía rexional acerca de Galiza. Neste punto, e de novo, a débeda de Fraguas (1953) co persoeiro de Trasalba é máxima. De feito, das escasas seis páxinas do apartado (1953: 227-233), dúas son unha cita entre aspas de Otero Pedrayo extraída da *Guía de Galicia* (1926b [ed. 1965]: 190-192), da que xa vimos que Fraguas bebe decote. Neste fragmento, achega, como tamén aparece ao final do apartado de xeoloxía e relevo (1953: 28-29), unha distribución de Galiza en cinco grandes paisaxes, que se reproducen na Táboa 1.

Tipos de paisaxe	Forzas	Tempos
Mariña (cidades e vilas)	Humanas	Histórico
Ribeira	Vitais (flora e fauna)	Vital ou vexetativo
Bocarribeira		
Montañas	Cósmicas (xeolóxicas, astronómicas, atmosféricas)	Cósmico, planetario ou xeolóxico
Serras		

**Táboa 1.** Tipos de paisaxe en Otero Pedrayo, cos seus factores (forzas e tempos) correspondentes. Fonte: Lois/Trillo (2017: 536), a partir de Otero Pedrayo (1955).

Interésanos profundar no sentido concedido á paisaxe por Otero Pedrayo e, en consecuencia, Fraguas. No seo do “canon rosaliano” (Paül 2019), a paisaxe elevada a símbolo do país é a rural/agraria, como xa vimos que no noso autor se manifesta nas distintas paisaxes comarcais que vai tecendo. Nunha frase axiomática, Otero Pedrayo (1955: 57) afirmou sen deixar marxe para a interpretación: “Nosa cultura é cultura de ribeira ou de bocarribeira”. Neste punto, podería semellar vidaliano no senso detectado por Ortega Cantero (2005): no xeógrafo francés, o discurso nacional susténtase na construción paisaxística ruralista. Porén, en Vidal este proceso é disimulado, en tanto que non declara deliberadamente a dimensión intanxíbel e discursiva da paisaxe; nel, esta preséntasenos como “obxectiva”. En troques, en Fraguas (1953), e xa non digamos na copiosa produción oteriana,

a compoñente subxectiva da paisaxe resulta indisimulada. Para comezar, polas referencias poéticas, mais tamén polos comentarios relacionados coa experiencia persoal<sup>28</sup> e cos costumes da vida tradicional, tan do gusto do noso autor:

En el valle se afianzan las estampas típicas desgranadas en la melodía del cancionero popular. El camino en remansos que ganan la pendiente, las *porteleiras* de las fincas, cierre sencillo en contraste con los muros fuertes y capeados, la caída del agua en los prados al cauce común y los senderos de porfiadas estrecheces que cruzan las huertas y bordean las casas del lugar ofrecen al observador la visión de un paisaje dinámico con amplias relaciones humanas. No es posible determinar todas las características de un paisaje humanizado. (Fraguas 1953: 229).

Estas concesións á linguaxe expresiva, tan denotativa e chea de significados imbuídos, non son o estilo vidaliano, nin tampouco propias de Sauer (1925)<sup>29</sup>, o seu homólogo nos Estados Unidos que tanto éxito terá nos países anglosaxóns. Baixo o noso punto de vista, a prosa de Fraguas, como a oteriana, retrotráese a Humboldt e, polo tanto, aos albores da xeografía moderna, no século XIX (Paül/Tort/Sancho 2011). Esta aproximación á paisaxe será varrida desde a xeografía académica instaurada no departamento homónimo a finais da década de 1960, pois debía considerala caduca e acientífica e, desde logo, non devea precisamente por vencellarse coa literatura, coa lingua popular e coa identidade galegas. De feito, a longa nómina de monografías rurais que xorde sobre todo da dirección de De Torres (Torres/Lois 1999; Hernández 2017) fala arreo de *paisaxe*, mais nun sentido en aparencia obxectivo e, en moitas ocasións e como xa dixemos, recorrendo a estatísticas que se supón que non poden ser cuestionadas. Nunha confusión bastante habitual todos aqueles anos, semellan empregarse de forma intercambiábel *paisaxe*, *estrutura* ou *sistema* aplicados ao agro (Paül/Tort/Sancho 2011).

A principal novidade en materia de paisaxe en xeografía da década de 1990 é a recepción do enfoque ecoxeográfico de Tricart, e aproximacións concomitantes

28 “Galicia, en su poblado y caserío, debe sorprenderse al amanecer. Con el alba los horizontes son en todas partes majestuosos y el despertar campesino tiene notoria repercusión en el paisaje. La presencia del lucero y el canto del gallo animan las corredoiras aldeanas. El humo del hogar madrugador se levanta para buscar la dirección del viento, que señala al labrador la confianza inicial de la jornada” (Fraguas 1953: 232-233).

29 Con todo, non se pode perder de vista que Sauer (1925 [ed. 2006]: 21) achega un breve apartado constituído por un só parágrafo, denominado “Alén da ciencia” (o título xa é significativo), no que rapidamente confesa que “[a] mellor Xeografía nunca desbotou as calidades estéticas da paisaxe, para as cales non coñecemos outra abordaxe que a subxectiva”; como era agardábel, cita a Humboldt como exemplo desta forma de concibir e traballar a paisaxe. Esta curta parentética é anecdótica en Sauer (1925) e para o método saueriano, que na práctica rexeita esta aproximación que menciona cal descoido.



(xeosistema de Bertrand, ciencia da paisaxe soviética etc.), pola xeografía física galega, a cal comeza a desenvolverse nesa etapa. Non é allea a esta acollida que Tricart fose o director de tese de Pérez Alberti, quen devén catedrático de Xeografía física en 1999 (Hernández 2017). Así, na década de 1990 aséntase na Universidade galega unha forma de ver a paisaxe igual de obxectivista cá devandita, mais desde a perspectiva da xeografía física. Detectamos cando menos tres publicacións colectivas editadas pola Xunta de Galicia onde dominan estas coordenadas: Pérez/Guitián/Ramil (1993), Valcárcel *et al.* (1993) e Guitián/Lois (1996). Nestas obras non achamos mencións á tradición xeográfica previa, mais, en cambio, si que se observa unha preferencia pola bibliografía proveniente das ciencias naturais próximas á xeografía (xeoloxía, edafoloxía, botánica etc.) e unha dominancia de contidos xeomorfolóxicos e bioxeográficos.

Con estas dúas formas de achegarse á paisaxe desde fundamentos sempre obxectivistas e unha marcada teima pola realidade material –unha máis ancorada á xeografía rural rexional e outra á xeografía física– pecha a xeografía galega o século XX. Desde unha perspectiva teórica (Paül/Tort/Sancho 2011; Paül 2017), ambas as dúas resultan insuficientes ao desbotaren a dimensión intanxíbel, discursiva e subxectiva sen a cal non se pode entender a paisaxe e, desde logo, parciais ao fixérense só en determinados elementos concretos. Na xeografía internacional producíronse movementos para superar estas fendas, como por exemplo o ensaio de Bertrand (2000), un dos teóricos da paisaxe como construción central dunha xeografía física pechada sobre si mesma que, logo de máis de tres décadas mantendo esa postura, ábrese á forma de ver a paisaxe por parte da xeografía humana e, tamén, á consideración do eido intanxíbel conformado polas representacións sociais, culturais e persoais. Reaparece, deste xeito, un enfoque global acerca da paisaxe que se pode vencellar de novo con Humboldt (Paül/Tort/Sancho 2011; Paül 2017) e, no caso galego, con Otero Pedrayo e Fraguas.

En Galiza á xeografía cústalle arreo volver ver a paisaxe de forma máis holística, menos cinguida aos límites estritos de determinadas subdisciplinas e sen renunciar a aspectos intuitivos, estéticos etc. Cremos que dúas teses doutorais, curiosamente ambas as dúas de fóra da disciplina, amosan como se vai progresando nesta liña no país: desde a historia da arte, López Silvestre (2005), que logo se publicará en distintos volumes; desde a teoría da literatura, López Sánchez (2008), edición, gañadora dun coñecido premio ensaístico, da súa tese doutoral dous anos anterior; non resulta estraño que o primeiro teza potentes lazos coa xeografía académica e que a segunda sexa obxecto dunha concienciada recensión escrita por un xeógrafo (Vila 2009). Sobre todo durante a década de 2010, e non sen resistencias ás veces amargas, a xeografía académica vaise (re)imbuíndo desta ollada abrangente que aborda a paisaxe na súa integridade. As razóns do

rexurdimento paisaxístico son diversas, mais a aplicación do Convenio Europeo da Paisaxe de 2000, convertido axiña en lei en Galiza<sup>30</sup>, obriga a (re)conceptualizar a paisaxe na disciplina (Paül/Tort/Sancho 2011). En Paül (2017, 2019) tentamos achegar xa un balance nesta dirección, de momento modesto. Resulta, en todo caso, unha tarefa urxente por varias razóns; entre elas, para dar dialogado, desde a disciplina que lle é propia, con Fraguas (1953), cuxa linguaxe paisaxística segue preterida na nosa contemporaneidade.

## A XEITO DE CABO

Comezabamos este percorrido indicando que a intención de Fraguas (1953) consiste en espallar a xeografía de Galiza. No contexto do franquismo, trátase dun obxectivo de difícil consecución. A través da súa monografía rexional, tenta que Galiza sexa unha escala territorial de seu, como antes o pretenderan outros xeógrafos, en particular Otero Pedrayo, o seu referente indiscutíbel e co que discorre en paralelo. Porén, resulta dubidoso que se chegue a unha certa difusión social da xeografía de Galiza até despois da súa institucionalización definitiva na Universidade compostelá ao longo da década de 1970 e á creación da Administración autonómica nos anos 1980<sup>31</sup>. Tampouco se pode esquecer que esa institucionalización vén da man dunha escola que non ten intención de vencellarse a unha xeografía en clave galeguista como a que, de forma velada polas circunstancias, Fraguas (1953) abofé que pretendía contribuír a construír. Mesmo Miralbés (1984: 13) verbaliza escasa condescendencia pola súa pegada e, en relación con el e con Río Barja, afirma que “os seus coñecementos son relevantes mais [...], evidentemente por razón da interinidade nese cometido [docente], non contaron cos medios necesarios para potenciaren a Xeografía na Universidade de Galiza”. Tendo en conta o que sabemos vía Capel (1976), Santos (1999) ou Constenla (2005) en canto aos procesos de selección de persoal académico, esta frase semella estar escrita con retranca. Tamén resulta sarcástico que o obxecto ao que Fraguas (1953) lle dedica maior enerxía na súa obra, as comarcas, fose axiña apropiado e desposuído dos significados que el lle concedera; e, aínda por riba, implantado como se leva a cabo na década de 1990. Algo semellante acontece coa paisaxe, linguaxe central para Fraguas (1953), que case chega a perder todo o seu valor connotativo en xeografía até que, na década de 2010, volve aparecer na escena de xeito tímido.

30 “Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia”, *Diario Oficial de Galicia* 139 (18/VII/2008), 13815-13821.

31 No que fai aos niveis escolares, expresamos as nosas dúbidas no actual contexto en Paül (2020).

De acordo con Nogué (1991), o nacionalismo (re)elabora o material territorial mediante distintos mecanismos. Revisemos tres deles, para discutirmos até que punto podemos inscribir a Fraguas (1953) nun discurso galeguista, tendo en conta que Santos (1999) así o interpreta e que, por exemplo, o seu libro contén unha breve sección dedicada á lingua, valente no contexto histórico, que se esfuma nas xeografía posteriores<sup>32</sup>. O primeiro consiste na creación dunha división territorial que “ordene” internamente o territorio que considera “seu”; fíxoo o liberalismo estato-nacional español coa implantación das provincias aínda hoxe vixentes; Fraguas (1953) semella aceptalas co capítulo de xeografía administrativa, mais cómpre insistir na relevancia do seu mapa, e do seu discurso, comarcal. Unha segunda vía é a paisaxística; estamos persuadidos de que Fraguas (1953) se sitúa na xenealoxía rosaliana centrada na ruralidade, a máis rendíbel fixando unha identidade territorial para a nación (López Silvestre 2005; López Sández 2008; Paül 2019).


En terceiro lugar, Nogué (1991) refírese ao establecemento dunha delimitación territorial; Fraguas (1953: 13-17) dedícalle un capítulo enteiro, o primeiro, aos límites fronteirizos –primeiro polo leste, logo con Portugal–; así, semella preocupado por fixar ben o ámbito galego, en liña coas consideracións habituais presentes nunha monografía rexional<sup>33</sup>. Ironicamente, o estudo do sistema urbano galego desenvolvido sobre todo desde a década de 1990, e que aquí tivemos ocasión de revisar, pon de manifesto que a súa configuración non se esgota na fronteira galego-portuguesa. Así, emerxe o concepto de eixe urbano atlántico, verdadeira espiña dorsal galega, que une o aquén e o alén do río Miño (Lois 2004), de xeito que se produce unha continuidade cara ao Porto, metrópole de alcance internacional e *sensu lato* cunha poboación semellante á do conxunto de Galiza<sup>34</sup>. Dito sexa de paso, as relacións funcionais prodúcense agora a esa escala “euro-rrexional”, excedendo en moito os perímetros comarcais de Fraguas (1953). Estas conclusións deben evitar profundar nesta dirección, mais na actualidade abundan os mapas que, por exemplo, representan o Norte de Portugal e mais Galiza sen

32 Até Piñeira e Santos (2011: 33-64), cun apartado de lingua e territorio en Galiza a cargo de Valcárcel Riveiro, filólogo, que se realiza cos novos postulados da xeolingüística. Que este contido estea “desaparecido” nas monografías rexionais máis de medio século resulta revelador.

33 O nacionalismo galego defende unha relación privilexiada con Portugal, mesmo considerándoo referente de integración (Máiz 1997; García Álvarez 2002; Lois 2015; Lois/Trillo 2017). Esta arela aparece na xeografía de preguerra, por exemplo en Otero Pedrayo (1928). En Fraguas (1953: 253) só se expresa de forma sutil cando, por exemplo, no que fai á lingua, fala do noroeste peninsular, o que vai alén da actual Galiza estrita. Tamén na xeoloxía nos refire o “conjunto de terras del NW peninsular” (1953: 26), o que reforza a entidade –sólida, tratándose dos fundamentos litolóxicos e tectónicos– con Portugal.

34 A área do Porto ten 2,3 millóns de acordo con Fernandes (2014), un volume demográfico equivalente a Galiza, que flutúa desde a década de 1940 entre os 2,6 e os 2,8 millóns de habitantes (limiar, este último, que só superou por pouco no censo de 1980). Fonte dos datos: [www.ine.es](http://www.ine.es).

solución de continuidade (Mapa 2), así como as análises que se fan a ese nivel ou a outras escalas territoriais transfronteirizas, xa sexan intermedias ou bi- ou tri-municipais, auspiciadas pola emerxencia da cooperación territorial europea (Trillo/Paül 2019). A xeografía actual debe ser quen de reconectar o mellor da tradición xeográfica en clave galega, por suposto incluíndo Fraguas (1953), coas novas dinámicas territoriais que rebordan os horizontes fronteirizos de Galiza.



**Mapa 2.** Distribución da poboación en Galiza e o Norte de Portugal, co eixe urbano atlántico (2015). Elaboración de Valerià Paül. Fontes: [www.ine.pt](http://www.ine.pt) e [www.ine.es](http://www.ine.es).

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Aldrey, José Antonio, Rubén Camilo Lois e José Somoza (2000): “As novas pautas de distribución da poboación en Galicia”, en Xoaquín Fernández Leiceaga (dir.), *Avellentamento demográfico e consecuencias socioeconómicas*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 259-296.
- Barreiro Paradela, Luis (1936): *Nova xeografía de Galicia pras escolas*. Santiago de Compostela: Publicaciones Actuales Gallegas.
- Barreiro Quintáns, Daniel, Ramón López Rodríguez e Rubén Camilo Lois (2019): “Las villas gallegas: concepto y realidad”, *Ería. Revista cuatrimestral de Geografía* XXXIX (3), 329-350.
- Bertrand, George (2000): “Le paysage et la géographie: un nouveau rendez-vous”, *Treballs de la Societat Catalana de Geografia* 50, 57-93.
- Blanchard, Raoul (1922): “Une méthode de géographie urbaine”, *La vie urbaine* 16, 301-319. [Tradución ao catalán: “Un mètode de geografia urbana”, *Butlletí del Centre Excursionista de Catalunya* 428, 17-35, 1931. Dispoñíbel en [https://ddd.uab.cat/pub/butcenexccat/butcenexccat\\_a1931m1v41n428.pdf](https://ddd.uab.cat/pub/butcenexccat/butcenexccat_a1931m1v41n428.pdf)].
- Bouza, Fernando (2009): “Dar Galicia y el gallego a la imprenta. As Galegadas y A *História de Galicia* de Lobarina Feijoo, la *Verdadera Descripción* de Ojea y algunas iniciativas historiográficas de la primera mitad del siglo XVII”, *Obradoiro de Historia Moderna* 18, 9-44.
- Buttimer, Anne (1971): *Society and milieu in the french geographic tradition*. Chicago: Rand McNally & Company.
- Capel, Horacio (1976): “La geografía española tras la Guerra Civil”, *Geocrítica. Cuadernos críticos de Geografía Humana* 1, 5-36. Dispoñíbel en <http://www.ub.es/geocrit/geo1.htm>
- (1981): *Filosofía y ciencia en la Geografía contemporánea. Una introducción a la Geografía*. Barcelona: Barcanova.
- Carreras Candi, Francesc (dir.) (1928-1936): *Geografía general del Reino de Galicia*. Barcelona: Alberto Martín, 5 v.
- Casas Torres, José Manuel, María Rosario Miralbés e María Pilar de Torres (1976): *Galicia. Mapa e índices de localización geográfica de sus parroquias*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Constenla, Xosé (2005): “O Principiño e a Xeografía na Galiza”, *Abalar. A Xeografía galega en construción* 3, 80-93.
- Costas, Xosé-Henrique (2016): *Os xentilicios de Galicia e dos outros territorios de lingua e cultura galegas*. Vigo: Universidade.
- Dantín Cereceda, Juan (1942): *Regiones naturales de España*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas / Instituto Juan Sebastián Elcano.

- Fernandes, José Alberto Rio (2014): “Muitas vidas tem o centro e vários centros tem a vida de uma cidade”, en Rubén Camilo Lois e Ángel Miramontes (eds.), *Reflexiones sobre las ciudades y el sistema urbano en tiempos de crisis*. Santiago de Compostela: Grupo de Análise Territorial, 131-146.
- Fernández Prieto, Lourenzo (2016): “O atraso: o éxito dun falso mito. Imaxes contra os tópicos do mundo rural e os labregos”, en Isidro Dubert (ed.), *Historias da historia de Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 357-391.
- Fraguas, Antonio (1953): *Geografía de Galicia*. Santiago de Compostela: Porto y Cía.
- Frémont, Armand (1976): *La région espace vécu*. Paris: Presses Universitaires de France.
- García Álvarez, Jacobo (2002): *Territorio y nacionalismo. La construcción geográfica de la identidad gallega*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (2006): “Geografía regional”, en Daniel Hiernaux e Alicia Lindón (dirs.), *Tratado de Geografía Humana*. Iztapalapa / Rubí: Universidad Autónoma Metropolitana / Anthropos, 25-70.
- García Cotarelo, Xosé Antonio, Rubén Víctor Lois e Xesús Fernández Jiménez (1986): *A autonomía galega (1846-1981)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- García Pazos, Fernando (coord.) (2009): *A parroquia en Galicia. Pasado, presente e futuro*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Guitián, Luis e Rubén Camilo Lois (1996): *Actividad humana y cambios recientes en el paisaje*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Hernández Borge, Julio (2009): “Cuarenta años de tesis doctorales de Geografía en la Universidad de Santiago de Compostela (1959-1998)”, *Estudios geográficos* 60 (237), 727-739.
- (2017): “El Departamento de Geografía de la Universidad de Santiago de Compostela: 50 años de docencia e investigación (1967-2017)”, *Revista de Investigación en Educación* 15 (2), 158-168.
- Lencioni, Sandra (2009): *Região e Geografia*. São Paulo: Universidade.
- Lois, Rubén Camilo (1992): “La ciudad de Vigo en el centro de los análisis de geografía urbana en Galicia”, *Investigaciones geográficas* 10, 135-142.
- (2004): “Estructura territorial de Galicia”, en Román Rodríguez González (dir.), *Os concellos galegos para o século XXI. Análise dunha reestructuración do territorio e do goberno local*. Santiago de Compostela: Universidade, v. I, 101-160.
- (2009): “La Geografía y el análisis territorial en España: argumentos para la reflexión”, *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles* 50, 7-42.

- (2015): “Apuntamentos para o estudo xeográfico (nacional) de Galicia”, en Uxío-Breogán Diéguez Cequiel (coord.), *Reflexións arredor da Galiza para o debate*. Santiago de Compostela: Fundación Moncho Reboiras, 9-35.
- Lois, Rubén Camilo e Daniel Pino (coords.) (2015): *A Galicia urbana*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Lois, Rubén Camilo e Juan Manuel Trillo (2017): “O fundamento de Galicia como territorio nacional. O labor do Seminario de Estudos Galegos e a figura de Ramón Otero Pedrayo”, en Justo Beramendi *et al.* (eds.), *Repensar Galicia. As Irmandades da Fala*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Museo do Pobo Galego, 527-545.
- López Sánchez, María (2008): *Paisaxe e nación. A creación discursiva do territorio*. Vigo: Galaxia.
- López Silvestre, Federico (2004): *El discurso del paisaje. Historia cultural de una idea estética en Galicia (1723-1931)*. Santiago de Compostela: Universidade. Tese de doutoramento.
- Máiz, Ramón (1997): *A idea de nación*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Miralbés, María Rosario (dir.) (1984): *Galicia en su realidad geográfica*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de La Maza.
- Miralbés, María Rosario, María Pilar de Torres e Rafael Rodríguez Martínez-Conde (1979): *Mapa de límites de las parroquias de Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Molina, Bartolomé Sagrario de (1550): *Descrición del reyno de Galizia y delas cofas notables...* Mondoñedo: Agustín de Paz. [Edición: *Descrición del Reino de Galicia*. [A Coruña?]: Supervisión y Control, 1998].
- Nogué, Joan (1991): *Els nacionalismes i el territori*. Barcelona: El Llamp.
- Ojeda, Juan Francisco (2006): “Paseando por paisajes de Doñana de la mano de algunos de sus creadores contemporáneos”, en Juan Francisco Ojeda, Juan Carlos González Faraco e Antonio López Ontiveros (coords.), *Doñana en la cultura contemporánea*. Madrid: Ministerio de Medio Ambiente, 171-204.
- Ortega Cantero, Nicolás (2005): “Paisaje, historia y nación (a propósito del *Tableau de la géographie de la France*, de Paul Vidal de La Blache)”, en Nicolás Ortega Cantero (ed.), *Paisaje, memoria histórica e identidad nacional*. Madrid / Soria: Universidad Autónoma de Madrid / Fundación Duques de Soria, 9-44.
- Otero Pedrayo, Ramón (1926a): *Síntese xeográfica de Galicia*. A Coruña: Lar.
- (1926b): *Guía de Galicia*. Madrid: Espasa-Calpe. [4ª edición: Vigo: Galaxia, 1965].
- (1928): *Paisajes y problemas geográficos de Galicia*. Madrid: Compañía Ibero-Americana de Publicaciones.

- (1955): “Ensaio sobor da paisaxe galega”, en *Paisaxe e cultura. Ensaios*. Vigo: Galaxia, 11-57.
- Otero Varela, Alejandro e Valerià Paül (2018): “The inception of the rural development paradigm in Galicia? The *comarcas* implemented in the 1990s under scrutiny”, en Valerià Paül, Rubén Camilo Lois, Juan Manuel Trillo e Fiona Haslam McKenzie (eds.), *Infinite rural systems in a finite planet: bridging gaps towards sustainability*. Santiago de Compostela: Universidade, 439-448.
- (2020, no prelo): “Geografía y debate comarcal reciente en Galicia: cuatro décadas entre el estudio académico, la intervención política y el análisis crítico”, en Joaquín Farinós (coord.), *Desafíos y oportunidades de un mundo en transición. Una interpretación desde la Geografía*. Valencia: Tirant Humanidades.
- Paasi, Anssi (1986): “The institutionalization of regions: A theoretical framework for understanding the emergence of regions and the constitution of regional identity”, *Fennia* 164 (1), 105-146.
- Paül, Valerià (2010): “¿Aún un espacio para las parroquias en Galicia?”, *Ería. Revista cuatrimestral de geografía* 83, 343-349.
- (2015): “Que espazos rurais nun país urbano? Dúas aproximacións xeográficas ao rural galego”, en Lois/Pino 2015: 693-714.
- (2016): “A Serra da Raia Seca nas geografías regionais galegas, españolas e ibéricas de começos do século XX: entre montanha inventada e fronteira natural”, en Juan Manuel Trillo e Iva Pires (eds.), *Fronteras en la investigación peninsular: temáticas y enfoques contemporáneos = Fronteiras na investigación peninsular: temáticas e abordagens contemporâneas*. Santiago de Compostela: Universidade, 197-215.
- (2017): “A protección das paisaxes naturais galegas”, en Concepción García García e María del Mar García Miraz (coords.), *Paisaxe e patrimonio. Un percorrido polo territorio a través do Arquivo de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 107-145.
- (2019): “Catro breves hipóteses na interface entre paisaxe e nación en Galicia”, en Juan Manuel Trillo e Rubén Camilo Lois (eds.), *Paisaxes nacionais no mundo global*. Santiago de Compostela: Grupo de Análise Territorial, 83-109.
- (2020, no prelo): “Mimbres para repensar la tradición, la profesión y la educación geográficas”, en Joaquín Farinós (coord.), *Desafíos y oportunidades de un mundo en transición. Una interpretación desde la Geografía*. Valencia: Tirant Humanidades.
- Paül, Valerià, Joan Tort e Alexis Sancho (2011): “El marco conceptual de los paisajes de la agricultura”, en Fernando Molinero, Juan Francisco Ojeda e Joan



- Tort (coords.), *Los paisajes agrarios de España. Caracterización, evolución y tipificación*. Madrid: Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, 9-38.
- Pérez Alberti, Augusto, Luis Guitián e Pablo Ramil (eds.) (1993): *La evolución del paisaje en las montañas del entorno de los caminos jacobeos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Philo, Chris (2008): "Introduction", en Chris Philo (ed.), *Theory and Methods: Critical essays in Human Geography*. Aldershot: Ashgate, XIII-XLIX.
- Piñeira, María José e Xosé Manuel Santos (2011): *Xeografía de Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Precedo, Andrés (1987): *Galicia: estructura del territorio y organización comarcal*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Rodríguez González, José María (1918): *Nociones de Geografía de Galicia*. Santiago de Compostela: El Eco Franciscano.
- Rodríguez González, Román (1999): *De aldeas a ciudades. Urbanismo e xeografía das vilas galegas*. Vigo: Ir Indo.
- Rubido, Ángel (1891): *Galicia: Geografía descriptiva*. Santiago de Compostela: Escuela Tipográfica del Hospicio.
- Ruiz Olabuénaga, José Ignacio (1999): *Metodología de la investigación cualitativa*. Bilbao: Universidad de Deusto.
- Santos, Xosé Manuel (1999): "Xeografía e nacionalismo en Galicia", en Professor Joan Vilà Valentí. *El seu mestratge en la geografia universitària*. Barcelona: Universitat, 1343-1356.
- Sarmiento, Martín (1762?): *Problema chorográfico para describir a Galicia con un nuevo método*. [Edición: "Problema chorográfico para describir a Galicia con un nuevo método", en *Escritos geográficos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 29-81, 1996].
- Sauer, Carl Ortwin (1925): "The morphology of landscape", *University of California Publications in Geography* 2 (2), 19-53. [Tradución ao español: "La morfología del paisaje", *Polis* 15, 2006. Dispoñíbel en <http://polis.revues.org/5015>].
- Soja, Edward William (1989): *Postmodern geographies. The reassertion of space in critical social theory*. London / New York: Verso.
- Solé Sabarís, Lluís (1975): "Sobre el concepto de región geográfica i la seva evolución", en *Miscel·lània Pau Vila*. Granollers: Montblanc-Martín, 413-477.
- Souto, Xosé Manuel (1987): *Xeografía Humana*. Vigo: Galaxia.
- Taylor, Peter (1994): "The State as a container: Territoriality in the modern world system", *Progress in Human Geography* 18 (2), 151-162.
- Torres, María Pilar de e Rubén Camilo Lois (1999): "Lectura geográfica de los espacios rurales y el mundo campesino en Galicia. Estado de la cuestión", en

- Professor Joan Vilà Valentí. El seu mestratge en la geografia universitària.* Barcelona: Universitat, 851-863.
- Trillo, Juan Manuel e Valerià Paül (2019): “¿Cooperación territorial alrededor de las fronteras interautonómicas? Algunas preguntas provocativas partiendo de la cooperación territorial europea”, en Joaquín Farinós, Juan Francisco Ojeda e Juan Manuel Trillo (eds.), *España: geografías para un estado posmoderno*. Madrid / Barcelona: Asociación de Geógrafos Españoles / Geocrítica, 269-285.
- Unwin, Tim (1992): *The Place of Geography*. Harlow: Longman.
- Valcárcel Díaz, Marcos, Manuel Rodríguez Guitián, Antonio Martínez Cortizas e Augusto Pérez Alberti (1993): *As paisaxes do camiño francés en Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Vidal de La Blache, Paul (1903): “Tableau de la géographie de la France”, en Ernest Lavisse (ed.), *Histoire de France depuis les origines jusqu’à la Révolution*. Paris: Hachette, v. I. [Edición: *Tableau de la géographie de la France*. Paris: La Table Ronde, 1994].
- Vilà Valentí, Joan (1982): “Veinticinco siglos de Geografía”, *Revista de Geografía Norte Grande* 9, 3-10.
- (1993): “Tres conceptos de «comarca» a Catalunya (1890-1935)”, en *Professor Lluís Casassas. Geografia i territori*. Barcelona: Universitat, 143-153.
- Vila Vázquez, José Ignacio (2009): “Paisaje, nación y literatura. Una lectura de *Paisaxe e nación: A creación discursiva do territorio*, por María López Sánchez”, *Documents d’Anàlisi Geogràfica*, 55, 171-180.